



GUÍA DOCENTE DE **INSTRUMENTO PRINCIPAL I-VI**

**(TROMBÓN, TROMPA, TROMPETA, TUBA)**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, do 29 de outubro)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: INSTRUMENTO PRINCIPAL I-VI (TROMBÓN, TROMPA, TROMPETA, TUBA)										
ESPECIALIDADE	Pedagogía							ITINERARIO	Xeral e da linguaxe musical	
CARÁCTER	Obrigatoria							TIPO DE CLASE	Individual	
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso		DEPARTAMENTO		Vento metal		
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	1h
ECTS/CUAD.	6	6	6	6	6	6			Observacións:	

2. DESCRITOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Desenvolvemento das capacidades artísticas, expresivas e técnicas no instrumento ou voz e coñecemento dos diferentes criterios interpretativos.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Aqueles que están implícitos na proba de acceso, e para cuatrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos adquiridos no cuatrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	Desenvolvendo un estilo propio como intérprete e con madurez creativa mediante uns hábitos e técnicas de estudo adecuados e valorando criticamente o traballo. Tamén se pretende acadar unha preparación adecuada para a interpretación en público e un coñecemento básico da construción, mantemento, comportamento acústico e características do propio instrumento
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T3, T6, T15
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X3, X6, X11, X21, X24
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EP4
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/ 2015 do 29 de outubro	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Acadar o nivel técnico que permita ao alumno tocar as obras adecuadas ao repertorio mínimo deste curso.	T2, T3, X1, X3, X6, EP4
Coñecer e adecuar as súas interpretacións ás convencións estilísticas de cada estilo.	T3, X3, X6, X11, X21, T2
Valorar a importancia da constancia no estudo como medio indispensable para desenvolver as destrezas propias dun intérprete profesional	T1, T3, T15, X24, EP4
Acadar un nivel de autoescoita e autoocrítica coma medios para controlar a calidade da súa execución e para progresar como intérprete.	T2, T6, T15, X6, X21, X24

4. CONTIDOS
Elaboración e estudo dun programa formado por obras de diferentes estilos.
Análise formal e estético das obras traballadas.
Principais compositores, escolas e tendencias da creación musical.
Traballo específico e pormenorizado dos diferentes elementos musicais
Desenvolvemento da memoria musical
Preparación para a actuación en público



**5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN**

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Actividades de ensino aprendizaxe.	Presenciais/non presenciais	Todo o cuadrimestre.
Actividades de consolidación.	Presenciais/non presenciais	Todo o cuadrimestre.
Práctica individual.	Non presenciais	Todo o cuadrimestre
Pescuda de información.	Presenciais/non presenciais	Todo o cuadrimestre
Actividades complementarias e/ou extraacadémicas.	Presenciais	Esporádicamente.
Audicións	Presenciais	Esporádicamente.

**6. AVALIACIÓN**

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria.

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á “avaliación alternativa” e que son especificadas para tal fin na programación do cuadrimestre correspondente.

*\*Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres da disciplina.*